

AS MULLERES PRODUCIMOS, NON SO PARIMOS

Preocupado o Goberno do PP pola baixa taxa de natalidade do país, e tamén polos cambios de costumes das mulleres galegas, acordou crear unha consellería nova: "Familia, Muller e Xuventude", nome que cheira que apesta: Por que se xuntan tres cousas, que aos nosos ollos son tan diferentes, nun único casto?. Será que para o PP a muller ten que ser o pilar e sostén da familia, desa familia de rancia tradición: home-muller casados pola Igrexa Católica e con cantos máis fillos mellor; esa onde sobre as costas das mulleres pesa toda a responsabilidade do doméstico: afectos, administración da economía, alimentación, tarefas da casa, equilibrio e harmonía entre os seus membros...

Sabe o goberno do PP que daquela "familia modelo" ou "modelo de familia" as cousas teñen mudado?.

As formas e modelos son máis variadas (monoparentais, convivencia sen vínculo legal, de homosexuais e lesbianas, con fillos e sen eles, numerosas...) e ningunha ten por que merecer atención preferente nen distinta. Máis aínda, deberían corrixir-se as discriminacións existentes segundo os diferentes modelos.

E as declaracións que oímos en boca de Manuela Besteiro, Conselleira do novo ente, fomentan unha política natalista, para que medre a poboación.

Pois nós estamos en contra desas políticas. Traer ou non fillos ao mundo é decisión privada. O que teñen que facer os gobernos é garantir boas condicións económicas, sanitarias, educativas e servizos sociais (garderías, permisos dabondo a pais e nais,...) para exercer esa maternidade, elixida e desexada, sen que supoña discriminación laboral, agravada pola crise e a nova reforma do mercado laboral, ou no traballo doméstico e na crianza.

As conquistas do feminismo supuxeron máis posibilidades para as mulleres e non o modelo tradicional de muller.

Agora que hai unha Consellería da Familia, Muller e Xuventude, con conselleira e todo, en vez de ir para diante, queren levar-nos cara atrás.

Pero nós que xa somos maiores de idade, decidimos xuntas dicer que non, que de regresións nada, que estamos dispostas a seguir loitando por un mundo máis xusto, máis equitativo, máis solidario, onde todas e todos, sen exclusións polas nosas diferencias e afirmando a diversidade nos encontremos nun espazo común, a vida, en igualdade.

ASOCIACION GALEGA DA MULLER, ASOCIACION DE MULLERES PROGRESISTAS ALBA, ASEMBLEA DE MOZAS DE GALIZA NOVA, COLECTIVO DE MULLERES ENSEÑANTES DO ROSA AO VIOLETA, DEPARTAMENTO COMARCAL DA MULLER DE USO, DEPARTAMENTO DA MULLER DE UGT, GRUPOS DE MULLERES DA UNIVERSIDADE, MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS, MULLER E TEOLOXIA, MULLERES XOVENES AREA, SECRETARIA DA MULLER DE CCOO, SECRETARIA DA MULLER DE CIG.